

## CONCELLO DE ORTIGUEIRA

### BANDO

#### PREVISIÓN DE CALEDARIO FISCAL 2020 TRALA DELEGACIÓN DA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DOS INGRESOS POLO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM), TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS (LIXO) E TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS (VAO)

Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde do Concello de Ortigueira, informo aos veciños e veciñas dos novos períodos de cobranza dos ingresos derivados do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM, en diante), da taxa polo servizo de recollida de residuos (lixo, en diante) e da taxa pola entrada de vehículos (vaos, en diante), en cumprimento dos requisitos esixidos pola Deputación Provincial da Coruña no seo da delegación das competencias de xestión e recadación dos anteditos recursos aprobada polo Pleno da Corporación do 11.09.2019, publicado no BOP nº 217 do 14.11.2019, e formalmente aceptada polo ente provincial por acordo plenario do 20.12.2019 e publicado no BOP nº 247 do 30.12.2019.

A Resolución do Presidente da Diputación Provincial da Coruña nº 19879/2001 do 20 de novembro, pola que se determina o período voluntario de ingreso de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva dispón o seguinte no que agora interesa:

*“Establécese un período voluntario de cobranza, que abarcará dende o **10 de marzo ata o 15 de maio, ambos inclusive**, para a recadación voluntaria de liquidacións de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, así como das taxas e prezos públicos municipais que acorden os respectivos Concellos (en Ortigueira taxa de lixo e vaos).*

*Mantense o período de cobranza que viña sendo habitual ata agora, e que estaba fixado dende o dende o **15 de setembro ata o 20 de novembro, ambos inclusive**.*

*Se en calquera dos dous períodos voluntarios a data de inicio ou de remate coincidise en día inhábil, trasladarase ao inmediato hábil posterior.*

*No atinxente a recadación de taxas e prezos públicos municipais (en Ortigueira Lixo e vaos) os respectivos Concello poderán acordar:*

- *A recadación da **taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos no primeiro ou segundo semestre, ou ben fraccionada en dúas cotas semestrais (opción escollida en Ortigueira)**.*
- *A recadación do resto das taxas e prezos públicos municipais no primeiro ou segundo semestre.*

*Os períodos voluntarios poderán ser modificados, cando as circunstancias asó aconsellen, mediante Resolución desta Presidencia. En tal caso, deberá dársele a maior publicidade a dita modificación.”*

Polo antedito, a previsión do calendario fiscal dos principais recursos de vencemento periódico e notificación colectiva para este exercicio 2020 queda como segue:

Imposto / Taxa	Inicio cobro voluntario	Remate cobro voluntario
Imposto Bens Inmables. IBI	15/09/2020	20/11/2020
Impuesto sobre Vehículos Tracción Mecánica. IVTM	10/03/2020	15/05/2020
Impuesto sobre Actividades Económicas. IAE	15/09/2020	20/11/2020
Taxa servicio de recollida de residuos. Lixo 4º trimestre 2019*	16/01/2020	16/03/2020
Taxa servicio de recollida de residuos. Lixo 1º semestre 2020	10/03/2020	15/05/2020
Taxa servicio de recollida de residuos. Lixo 2º semestre 2020	15/09/2020	20/11/2020
Taxa vaos	15/09/2020	20/11/2020

\*Co gallo da implementación do novo sistema derivado da delegación da xestión recadatoria da taxa de recollida de residuos na Deputación Provincial da Coruña, exclusivamente este ano 2020 e pola imposibilidade de mudar as datas establecidas, producírase un solapamento dos recibos de lixo correspondentes ao 4º trimestre do ano 2019, xestionados directamente polo Concello, e o correspondente ao 1ª semestre deste exercicio 2020 que pasará a ser cobrado pola Deputación Provincial.

Finalmente indicar que as datas sinaladas son orientativas e que, polo tanto, poden experimentar variacións das que se lles dará oportuna comunicación, e lembrar as posibilidades de solicitar aprazamentos e fraccionamentos das débedas nos termos establecidos pola normativa tributaria aplicable.

O que se fai público para xeral coñecemento e debido cumprimento .Ortigueira, a